



*** ESTATUTOS DO CLUB ***

ESCOLA FUTBOL BASE MOÑA

(Nome do Club)

CAPITULO I:

NORMAS XERAIS:

Artigo 1º.- O/A ESCOLA FUTBOL BASE MOÑA

e unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas, que ten como obxecto exclusivo ou principal a práctica da actividade física e deportiva polos asociados, sen ánimo de lucro.

Artigo 2º.- O/A ESCOLA FUTBOL BASE MOÑA practicarán como principal modalidade deportiva a de FUTBOL, e solicitarán a ratificación dos Estatutos e a inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, de conformidade coa Lei Xeral do Deporte de Galicia,

O/A ESCOLA FUTBOL BASE MOÑA practicarán así mesmo as modalidades deportivas de FUTBOL-7 e FUTBOL-11 e para tal fin funcionarán as seccións deportivas correspondentes, sen prexuízo de que a Asemblea Xeral poida acordar a creación doutras.

Artigo 3º.- O domicilio Social do/da ESCOLA FUTBOL BASE MOÑA

fixase na rúa ROSALIA DE CASTRO

nº 5, 2 poboación MOÑA C.P. 36950

provincia PONTEVEDRA teléfono 986 31 55 05



O Presidente cando as circunstancias o aconsellen, poderá acorda-lo cambio do domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado do domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario o acordo maioritario da Asemblea Xeral Extraordinaria.

En ámbolos casos, o traslado de domicilio social non implicará modificación estatutaria, e terá de ser notificado ós socios, e ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

O/A ESCOLA FUTBOL BASE MOAÑA

tamén conta cos seguintes locais e instalacións propias:

CAPITULO II

CLASES DE SOCIOS. ADMISION. DEREITOS E OBRIGACIÖNS

Artigo 4º. - O número de socios será ilimitado. A Asemblea Xeral poderá suspender, non obstante, a admisión de novos socios cando así o esixan razóns de aforo ou capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios, aspirantes e familiares.

Artigo 5º. - Son socios de número tódalas persoas maiores de idade, que satisfagan a cota social establecida pola Asemblea Xeral.

Os menores de 18 anos, clasificaranse como socios aspirantes, tendo dereito ó uso das instalacións sociais mediante a cota que se fixe e pasarán automaticamente a ser socios de número ó cumpriren a maioría de idade.

Serán socios honorarios aquelas persoas ás que a Asemblea Xeral confira esta distinción e terán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Son socios familiares todas aquelas persoas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con el no mesmo domicilio.



Artigo 6º.-

1.- Os socios de número terán os seguintes dereitos:

- a) Contribuír ó cumprimento dos fins específicos da asociación.
- b) Esixir que a Asociación se axuste ó disposto na normativa autonómica deportiva e ó establecido no presente Estatuto.
- c) Separarse libremente da Asociación.
- d) Coñecer as actividades da Asociación e examinala súa documentación, previa petición razoada ó Presidente.
- e) Expór libremente as súas opinións no seo da Asociación.
- f) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.

2.- Son obrigacións dos socios de número:

- a) Aboar as cotas que esixa a Asemblea Xeral.
- b) Contribuír ó sostemento e difusión do deporte ou modalidades Deportivas.
- c) Acatar cantas disposicións dicte a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou Presidente, para o bo goberno da sociedade.

3.- Os socios aspirantes terán dereito a disfrutar dos servizos e instalacións sociais da Asociación.

4.- Os familiares dos socios de número terán dereito a disfrutar daqueles servizos e instalacións que se determinen, previo pago da cota fixada.

artigo 7º.- Para ser admitido como socio, en calquera das súas modalidades, será necesario:

* Te-la idade sinalada para cada unha delas.

— * Solicitude por escrito dirixida ó Presidente.

* Satisface-la cota de ingreso correspondente.

Artigo 8º.- A condición de socio pérdese:

* Por vontade propia.

* Por falta de pago das cotas sociais durante tres meses consecutivos, previo requirimento de pago, e consecuente Resolución do Presidente.



CAPITULO III

ORGANOS DE REPRESENTACION E GOBERNO

Artigo 9º.-

Son Organos de representación e goberno do Club ESCOLA FUTBOL BASE MOAÑA
a Asemblea Xeral e ó Presidente.

Artigo 10º.-

O Presidente é o órgano executivo do Club, posúe a representación legal convoca e preside os órganos de representación e goberno executando os acordos destes.

Será elixido mediante sufraxio libre, directo igual e secreto por e entre os membros da Asemblea Xeral, cada 4 anos.

Artigo 11º.-

O Presidente cesará por:

- a) Transcorre-lo prazo polo que foi elixido
- b) Demisión
- c) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo
- d) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.

Artigo 12º.-

Como órganos complementarios dos de goberno e representación poderá haber unha xunta directiva para asistir ó Presidente.

1.- A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a quince, e da que formará parte un Secretario e un Tesoureiro.

2.- A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión do Club, sendo os seus membros designados e revocados libremente polo Presidente que a presidirá.

3.- Corresponderán á Xunta directiva as seguintes atribucións:

A Xunta Directiva como órganos colaborador do presidente, non terá competencias propias e exercerá por delegación, as que lle encomende o Presidente que poderá avocar e revocar en calquera momento.

Artigo 13º

1.- A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso do Presidente.

2.- A Xunta Directiva convocarase polo Presidente con dous días de antelación como mínimo, á data de celebración.



Artigo 14º

A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída, cando estean presentes tódolos seus membros, aínda que non houbera mediado convocatoria previa.

Artigo 15º

- 1.- O Tesoureiro da Xunta Directiva será o depositario da Asociación, asinará os recibos, autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.
- 2.- Será obriga do Tesoureiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se porán en coñecemento de tódolos asociados.

Artigo 16º

O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de rexistro de socios e o Libro de Actas.

Artigo 17º

- 1.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo do goberno da Asociación e estará integrada por tódolos seus socios de número.
- 2.- As Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou representados, a maioría dos seus asociados. En segunda e última convocatoria media hora máis tarde, quedará constituída calquera que sexa o número de membros presentes. Entre a data de convocatoria e o día sinalado para a súa celebración terán de mediar, como mínimo, dez días naturais e non poderá transcorrer máis de 20.

Artigo 18º

A Asemblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou do vintecinco por cento, ó menos, dos socios de número.

1.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario, previa convocatoria do Presidente, ó menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:

- a) Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación se procede.
- b) Presuposto para o seguinte exercicio.
- c) Proxecto e propostas do Presidente ou da Xunta Directiva.
- d) Proposicións que formulen os socios e que terán de ir asinadas ó menos, polo cinco por cento dos mesmos.
- e) Rogos e Preguntas.



2.- Terá de se celebrar Asemblea Xeral extraordinaria para a modificación de Estatutos, elección do Presidente, toma de cartos a préstamo, emisión de títulos representativos de débeda ou de parte alicuota patrimonial, enaxenación de bens inmobles e fixación de cotas dos socios, e calquera outro acordo previsto nestes estatutos ou que se estime oportuno polo Presidente ou proceda legalmente.

Artigo 19.-

Os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, serán vinculantes e de obrigado cumprimento e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo, por razón da materia, da posibilidade da súa impugnación perante os órganos competentes e da Federación Galega Deportiva da modalidade ou perante o Comité Galego de Xusticia Deportiva.

CAPITULO IV

REXIME DOCUMENTAL

Artigo 20º

O réxime documental da Asociación, constará dos seguintes libros: Rexistro de Socios, de Actas e Contables.

Artigo 21º

No libro de Rexistro de Socios, terán de consta-los nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan na Asociación. Tamén hanse especifica-las datas de altas e baixas, e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 22º

Nos libros de Actas, consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As Actas terán de estar asinadas, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

Artigo 23º

Nos Libros de Contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, e ingresos e gastos da Asociación, debéndose precisa-la procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

REXIME DISCIPLINARIO

Artigo 24º

Os órganos e socios do Club estarán sometidos ó regulamento disciplinario do Club e ó disposto no Título VII da Lei 11/1997 Xeral do Deporte de Galicia e normativa do seu desenvolvemento.



Artigo 25º

Asi mesmo o Presidente e membros ou Xunta Directiva responderán fronte os socios, o Club ou terceiros dos prexuízos que ocasionaren por culpa ou neglixencia grave, de conformidade coa regulamentación propia do Club e o Ordenamento Xuridico vixente.

CAPITULO V

REXIME ECONOMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

Artigo 26º.- O/A ESCOLA FUTBOL BASE MOAÑA

someterase ó réxime do presuposto e patrimonio propio coas seguintes limitacións:

a) *Non poderá destina-los seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servicio, nin exercer actividades de igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios. Os seus ingresos aplicaranse integramente á conservación do seu obxecto social.*

b) *Poderán fomentar manifestacións de carácter físico deportivo dirixidas ó público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ó desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus asociados.*

c) O/A ESCOLA FUTBOL BASE MOAÑA
poderá gravar e enaxenar bens inmoables, tomar cartos a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alicuota patrimonial, sempre que cumpra os seguintes requisitos:

1.- *Que se autoricen tais operacións por maioría de dous tercios dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.*

2.- *Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da Entidade ou a actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo se poderá esixir, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económico-actuarial.*

3.- *Cando se trate de gravar ou enaxenar bens inmoables que foran financiados en todo ou parte, con Fondos Públicos da Comunidade Autónoma será preceptiva a autorización previa da Secretaría xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.*

Artigo 27º.- O/A ESCOLA FUTBOL BASE MOAÑA *poderá recibir libremente doazóns que non excedan da cantidade de 500.000 Pts. No suposto de doazóns que superen esta cantidade será necesaria autorización expresa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, previo informe da Federación correspondente.*

Artigo 28º

1.- O/A ESCOLA FUTBOL BASE MOAÑA
poderá emitir títulos de débeda ou de parte alicuota patrimonial.

2.- *Os títulos serán nominativos.*



Artigo 29º

1.- Os títulos inscribíranse nun libro que levará ó efecto a Asociación, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

2.- En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

Artigo 30º

Os títulos de débeda só poderanse subscribir polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 31º

Os títulos de parte alicuota patrimonial han ser asemade, subscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 32º

Os títulos de débeda e parte alicuota patrimonial serán transferidos unicamente entre os que teñan a condición de socios.

CAPITULO VI

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCION DA SOCIEDADE

Artigo 33º


Os presentes Estatutos só se poderán modificar, reformar ou derrogar, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable dos dous tercios dos socios de número asistentes.

A reforma destes estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, os mesmos trámites administrativos que para a súa inscrición.

Artigo 34º

O/A ESCOLA FUTBOL BASE MOAÑA extinguirase ou disolverase por acordo de: a) dos dous tercios dos socios en Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto b) por sentenza xudicial c) por outras causas legalmente determinadas. En todo caso haberá de ser notificado ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

Artigo 35º



Disolto O/A ESCOLA FUTBOL BASE MOAÑA

remanece do seu patrimonio social, se houbera, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo ben por acordo previo da Asemblea Xeral ou subsidiariamente pola Secretaría Xeral para o Deporte.

[Four handwritten signatures in ink]

ESCOLA FUTBOL BASE MOAÑA

1730...n.º Registr. de
de Galicia, de conformidade
de agosto, xeral do deporte de

21 MAIO de 2.003



[Handwritten signature]
A. JOSÉ A. SAN MARTÍN GARCÍA

G-36437376

